O artigo 355 do RLSG en canto ao contido dos proxectos de segregación define a necesidade de achegar: Fichas descritivas dos lotes resultantes, incluídas as relativas aos terreos destinados a sistemas urbanísticos que se teñan que ceder, se procede. Achéganse fichas descritivas das parcelas.

A documentación achegada considérase suficiente

**4. RÉXIME URBANÍSTICO**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 25/08/2026 12:36:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 25/08/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: BRZQiS7bKNHrsWplpEQF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE:

1- Plan Xeral de Ordenación Municipal de o concello de Coirós, aprobado definitivamente o 19 de setembro de 2002, publicada a aprobación no DOG o 07/10/2002 e no BOP xunto coa normativa o 15/10/2002. (PXOM)

2- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. (LSG).

3- Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro. (RLSG)

4- Plan Básico Autonómico de Galicia aprobado por Decreto 83/2018 de 26 de xullo.

5- Lexislación sectorial de aplicación.

RÉXIME DE APLICACIÓN:

O PXOM de Coirós clasifica os terreos obxecto deste informe parcialmente como SOLO NÚCLEO RURAL coa ordenanza de núcleo rural disperso definida no título III da normativa, parcialmente como SOLO RÚSTICO APTO PARA URBANIZAR.

*A Disposición transitoria primeira da LSG- Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento* establece:

No apartado 2.c) que ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.

No apartado 2.b) que ao solo urbanizable non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico aplicaráselle o disposto na presente lei para o solo rústico.

**5. LEXISLACIÓN SECTORIAL**

CONCENTRACIÓN PARCELARIA:

As parcelas de orixe derivan dun proceso de concentración parcelaria de Santa Maria e Santiago de Ois identificadas como 706-1 e 709-2.

CANLES FLUVIAIS

A parcela 706-1 é lindante co Río Vexo ou Fervenzas, codificado com 111019.

Obra no expediente informe de Augas de Galicia no que se indica que se indica que non se levana a cabo obras trala segregación e agrupación de fincas, non fai falta autorización deste organismo de cunca.

**6. AXUSTE DO PROXECTO ÁS DETERMINACIÓNS URBANÍSTICAS DO PXOM E DA LSG E LEXISLACIÓN SECTORIAL:**

6.1. DETERMINACIÓNS DO PXOM:

A parcela de orixe 706-1 está parcialmente clasificada polo PXOM como SOLO RÚSTICO APTO PARA URBANIZAR e parcialmente como SOLO DE NÚCLEO RURAL, coa ordenanza de núcleo rural DISPERSO.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 25/08/2026 12:36:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 25/08/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: BRZQiS7bKNHrsWplpEQF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 25/08/2026 12:36:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 25/08/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: BRZQiS7bKNHrsWplpEQF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

A parcela de orixe 706-2 está integramente clasificada segundo o PXOM como SOLO DE NÚCLEO RURAL, coa ordenanza de núcleo rural DISPERSO.

As ordenanzas de aplicación no solo de núcleo rural atópanse no Título VII do documento de normativa do PXOM e son recollidas esquematicamente no proxecto.
As parcelas resultantes cumpren coa parcela mínima establecido na ordenanza de núcleo rural disperso. As parcelas non contan con ningunha edificación.

6.2. DETERMINACIÓNS DA LSG:
O artigo 150.1 da LSG prohibe a realización de parcelacións urbanísticas en solo rústico. A segregación e posterior agrupación realízase exclusivamente nos terreos clasificados como solo de núcleo rural, non alterando os terreos en solo rústico, se ben deberá os terreos en solo rústico non están afectos a cesión de terreos, debendo cumprir o artigo 92 da LSG ( peche a 4m do eixe da vía) art 92 LSG.

6.3. CESIÓNS PARA REGULARIZACIÓN DE VIAIS,
O artigo 24 da LSG establece o réxime e condicións de edificación no solo de núcleo rural, establecendo no punto 2 que *Cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír ou rehabilitar integralmente as existentes, as persoas propietarias deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización* do viario preciso.
A aliñación sitúase a 5m do eixo do viario ao que dan fronte.
Descríbense os terreos obxecto de cesión como:
**CESIÓN I: 37m²**
**CESIÓN II: 22m²**

**A cesión realizarase libre de cargas e en documento público.**
*De conformidade co artígo 24 da LSG, que durante a construción de nova edificación, cambio de uso dos existentes ou rehabilitacións integrais, o proxecto deberá incluír un anexo ou proporcionar un proxecto separado que reflicta as obras de conexión coas acometidas e as obras de urbanización (cesión de terreos á rasante do viario ao que da fronte con continuidade de escorrenta de aguas pluviais).*
A aliñación sitúase a 5m do eixo do viario ao que dan fronte.
Nos terreos clasificados como solo rústico será de aplicación o artigo 92 de protección das vías de circulación que establece que as construcións e peches que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes nas zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4m do eixo da vía pública á que dan fronte.

6.4 DETERMINACIÓNS DA LEXISLACIÓN SECTORIAL:
CONCENTRACIÓN PARCELARIA:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

## CONCELLO DE COIRÓS

As zonas de concentración parcelaria están reguladas pola Lei 4/2015, de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. O artigo 72.d) establece que unha vez finalizada a reestruturación, solo será valida a división ou segregación de fincas de reemplazo nos seguintes casos:

….

d) Nas fincas de reemplazo clasificadas urbanísticamente, total ou parcialmente, como de núcleo rural, a súa división ou segregación, unha vez finalizado o proceso de reestruturación parcelaria, estará suxeita ao disposto no planeamento municipal ou na súa norma urbanística de carácter subsidiario.

A porción segregada e posteriormente agrupara está están integramente clasificada como solo de núcleo rural, polo que se lles aplica o réxime disposto no planeamento xeral.

CANLES FLUVIAIS

A parcela 706-1 é lindante co Río Vexo ou Fervenzas, codificado com 111019.

Obra no expediente informe de Augas de Galicia no que se indica que se indica que non se levana a cabo obras trala segregación e agrupación de fincas, non fai falta autorización deste organismo de cunca.

**7. DESCRICIÓN DAS PARCELAS DE RESULTADO**

<u>PARCELA: FINCA MATRIZ</u>

Clasificada polo PXOM en 1.055m² como SOLO DE NÚCLEO RURAL coa ordenanza de núcleo rural DISPERSO e 4.416m² como SOLO RÚSTICO APTO PARA URBANIZAR (réxime de SOLO RÚSTICO) e 37m² de cesión de terreos para a regularización de viais. O que supón unha superficie bruta de 5508m² e neta de 5.471m² ( doas que 1055m² están clasificados como solo de núcleo rural).

O proxecto achega a seguinte ficha:

| | FINCA MATRIZ |
|---|---|
| FORMA | Irregular |
| TOPOGRAFIA | Pendiente moderada dirección Oeste. |
| SUPERFICIE NETA | 5.471 m²<br>(1.055 m² S.N.R. Disperso / 4.416 m² S.R.A.U |
| SUPERFICIE BRUTA | 5.508 m² |
| FRENTE A VIA | 41,09 m (19,99 en S.N.R. Disperso) |
| CLASIFICACION URB. | Suelo Núcleo Rural Disperso y S.R.A.U |
| CARGAS | Las establecidas en el art. 24 LSG |
| AFECCIONES | Zona de policía de cauces |
| CONSTRUCCIONES EXISTENTES | No constan |
| | …regada. |
| | …27A501007030000RQ. |
| | …ad 2069902NH7826N0001FL y |
| | |

<u>PARCELA: FINCA AGRUPADA.</u>

Clasificada integramente (1.644m² ) polo PXOM como SOLO DE NÚCLEO RURAL coa ordenanza de núcleo rural DISPERSO e 22m² de cesión de terreos para a regularización de viais. O que supón unha superficie bruta de 1.644m² e neta de 1.622m² .

O proxecto achega a seguinte ficha:

| | | FINCA AGRUPADA |
|---|---|---|
| FORMA | | Regular |
| TOPOGRAFIA | | Pendiente moderada en dirección Oeste |
| SUPERFICIE NETA | | 1.622 m² |
| SUPERFICIE BRUTA | | 1.644 m² |
| FRENTE A VIA | | 18,05 m |
| CLASIFICACION URB. | | Suelo Núcleo Rural Disperso |
| CARGAS | | Las establecidas en el art. 24 LSG |
| AFECCIONES | | Zona de policía de cauces |
| CONSTRUCCIONES EXISTENTES | | No constan |
| LINDES | NORTE | Camino. |
| | SUR | Parcela catastral 2069903NH7826N0001ML y finca matriz anteriormente descrita. |
| | ESTE | Parcela catastral 2069903NH7826N0001ML. |
| | OESTE | Finca matriz anteriormente descrita. |

Documento electrónico asina… Electrónica deste
Organis…
(artigo 42.b d… )

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 25/08/2026 12:36:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 25/08/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: BRZQiS7bKNHrsWplpEQF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

CESIÓN I:

Realizarase a cesión dos terreos afectos a viais (dentro da aliñación situada a 5m do eixo) nos terreos clasificados como solo de núcleo rural. Superficie de cesión 37m².

CESION II:

Clasificada integramente como solo de núcleo rural sendo os terreos situados fora da aliñación )5m de eixo) cedidos parara a regularización de viais. Superficie de cesión 22m².

**8. CUMPRIMENTO DAS DETERMINACIÓNS:**

A Disposición transitoria 1ª da LSG establece no caso de planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei, e non adaptado á Lei 9/2002, que:

2.c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.

Tamén son de aplicación as determinacións sobre parcelacións dos artigos 148 e 150 da LSG. (366 e 368 do RLS)

Art. 148/366- Parcelacións urbanísticas.

Solicítase a segregación dunha porción de finca clasificada como solo de núcleo rural para a súa posterior agrupación á finca lindante.

A parcelación solicitada considerase unha parcelación urbanística de división de terreos a fin da súa edificación.

Art 150/368- Réxime de parcelacións e divisións de terreos

1. O PXOM do concello de Coiros foi aprobado definitivamente o 19/06/2002 clasifica os terreos obxecto de segregación e agrupación como SOLO DE NÚCLEO RURAL. Non se segrega a porción clasificada como solo rústico.
2. As parcelas resultantes contan cunha superficie bruta (art 59 PXOM) superior á determinada como mínima no planeamento: 1000m² en núcleo rural disperso
3. As parcelas non contan con edificacións.
4. *En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións desta lei.*
5. A cesión identificada no documento (37m²+ 22m) deberá realizarse en documento público.
6. A parcelación urbanística está suxeita a licenza municipal.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 25/08/2026 12:36:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 25/08/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: BRZQiS7bKNHrsWplpEQF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

## CONCELLO DE COIRÓS

7. *Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade.*

8.1. CUMPRIMENTO PARÁMETROS

| SUPERFCIIE PARCELA DE ORIXE | PARC. | SUP. BRUTA SOLO | SUP. CEDIDA | SUP. NETA SOLO | SUP EDIFICACIÓN | SUP OCUPADA | PARCELA MINIMA | | OCUPACION | | EDIFICABILIDADE | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | PROX | PXOM | PROX | PXOM | PROX | PXOM | |
| **5808m²** | **MATRIZ** | 5.508m² | 37m² | 5.471m² (NR: 1055m²) | - | - | 1055m² | 1.000m² | - | 30% | - | 0,3m²/m² | CUMPRE |
| **1344m²** | **AGRUPADA** | 1.644m² | 22m² | 1.622m² | - | - | 1.644m² | 1.000m² | - | 30% | - | 0,3m²/m² | CUMPRE |

**CONCLUSIÓNS:**

Non se ve inconveniente na concesión de licencia de segregación e posterior agrupación no lugar de Recebés

PROPOSTA:

A división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación considérase unha parcelación urbanística e debe acomodarse ao disposto na LSG (art 150) réxime de parcelacións e divisións de terreos.

A análise dos parámetros urbanísticos da parcelación proposta. Conforme ás características das parcelas definidas no proxecto de parcelación presentado permite concluír que se axusta á normativa urbanística aplicable.

O artigo 150.6 da LSG desenvolvido polo artigo 368 do seu Regulamento establece que:

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o Concello declare a súa innecesariedade. (Non é o caso).

Por todo o anterior infórmase **FAVORABLEMENTE** a concesión de licenza para a segregación plantexada consistente en:

segregación dunha porción de 300m² da parcela 706-1 (ref cat 2069901NH7826N0001TL) da zona clasificada como solo de núcleo rural e a simultánea agregación á parcela 706-2 (ref cat 2069902NH7826N0001FL ), coa cesión de dos terreos clasificados como solo de núcleo rural afectos a viais a menos de 5m do eixo do camiño segundo o proxecto achegado polo enxeñeiro técnico agrícola Alberto R. Mariño Sánchez col 1549 COITA A Coruña no proxecto denomindado Modificado Proxecto de segregación e agrupación de fincas 706-01 e 703-2

Coa configuración descrita no apartado de DESCRICIÓN DAS PARCELAS DE RESULTADO e coas seguintes condicións de carácter particular:

**1- As fincas resultantes deberanse regularizar no Catastro.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 25/08/2026 12:36:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 25/08/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: BRZQiS7bKNHrsWplpEQF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 25/08/2026 12:36:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 25/08/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: BRZQiS7bKNHrsWplpEQF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

**2- A cesión dos terreos para a regularización de viario (37m²+ 22m²) realizarase libre de cargas e en documento público e coa seguinte consideración:**

**"***De conformidade co artígo 24 da LSG, que durante a construción de nova edificación, cambio de uso dos existentes ou rehabilitacións integrais, o proxecto deberá incluír un anexo ou proporcionar un proxecto separado que reflicta as obras de conexión coas acometidas e as obras de urbanización (cesión de terreos á rasante do viario ao que da fronte con continuidade de escorrenta de aguas pluviais).*

A aliñación sitúase a 5m do eixo do viario ao que dan fronte.

Nos terreos clasificados como solo rústico será de aplicación o artigo 92 de protección das vías de circulación que establece que as construcións e peches que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes nas zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4m do eixo da vía pública á que dan fronte."

E para que conste aos efectos oportunos expide o presente salvo dereito de propiedade e sen perxuizo de terceiros en Coirós a 17 de agosto de 2026

a arquitecta municipal. Iria Pérez Miranda"

Visto informe xurídico emitido pola secretaria municipal en data 22/08/2026, en sentido favorable.

Visto o disposto nos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, así como o Decreto 143/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o seu regulamento.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, mediante Decreto núm. 75/2026 ditada o 13/04/2026, pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Outorgar licenza de segregación dunha porción de 300m² da parcela 706-1 (ref cat 2069901NH7826N0001TL) da zona clasificada como solo de núcleo rural e a simultánea agregación á parcela 706-2 (ref cat 2069902NH7826N0001FL ), coa cesión de dos terreos clasificados como solo de núcleo rural afectos a viais a menos de 5m do eixo do camiño segundo o proxecto achegado polo enxeñeiro técnico agrícola Alberto R. Mariño Sánchez col 1549 COITA A Coruña no proxecto denominado Modificado Proxecto de segregación e agrupación de fincas 706-01 e 703-2 presentado con RE-999_797 o 06/07/2026.

Segundo.- As actuacións axustaranse á documentación presentada e aos informes emitidos.

Terceiro.- De conformidade co último parágrafo do artigo 355.2 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a resolución municipal que outorgue a licenza urbanística de parcelamento deberá incorporar anexa unha copia certificada do plano parcelario correspondente e das fichas descritivas dos lotes resultantes.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Cuarto.- Aprobar a seguinte liquidación tributaria de carácter provisional da taxa por expedición de documentos administrativos.

- Ordenanza reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas (BOP nº 11 do 16.01.2013):
- 1.2.- Servizos urbanísticos:
- 1.2.1.- Tramitación de expedientes de licenzas:
- De segregación ou agrupación de parcelas 80 euros.
-

Quinto.- Notificar o presente acordo á parte interesada, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

En Coirós, a 22 de agosto do 2026.
O alcalde

Francisco Quintela Requeijo”

.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

**4º. Contratacións**

**4.1. Aprobación e adxudicación do expediente de contratación de obras de instalación eléctrica de baixa tensión no Centro Social de Queirís (Coirós). Expediente:2026/C002/000039**

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 20 de agosto de 2026, que se transcribe literalmente:

“**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Asunto: aprobación e adxudicación do expediente de contratación de obras de instalación eléctrica de baixa tensión no Centro Social de Queirís (Coirós)**.
**Expediente:2026/C002/000039**

Tendo en conta que o Centro Social de Queirís, pertencente as infraestruturas municipais do Concello de Coirós, dispón dunha instalación eléctrica de baixa tensión bastante antiga e obsoleta, con fallos en puntos de luz e deficiencias nos cadros eléctricos. Na actualidade estase a levar a cabo obras de mellora das instalacións, para as cales se fai indispensable arranxar estas deficiencias na instalación eléctrica do Centro Social. O concello carece de medios propios especializados para executar este tipo de traballos de instalación eléctrica, polo que resulta necesario á contratación dunha empresa especializada, procede iniciar o expediente de licitación do mencionado servizo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 25/08/2026 12:36:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 25/08/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: BRZQiS7bKNHrsWplpEQF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

O prezo do contrato calculouse segundo o establecido no artigo 100 da LCSP, e consta desagregado no prego de prescricións técnicas particulares(Proxecto)

Visto que o orzamento base de licitación, como máximo, ascende a contía de 15.557,12 € (IVE incluído), estímase procedente a contratación mediante contrato menor, por razón da contía (art. 118 LCSP),

Visto o informe de necesidade emitido na data do 07/08/2026.

Visto pregos de cláusulas administrativas, de data 19/08/2026, que han de rexer a contratación.

Visto o proxecto de data 08/07/2026, redactado polo enxeñeiro industrial, Iago Pedreira Bestilleiro, enxeñeiro industrial (colex. 2813). que constan no expediente.

Visto o orzamento presentado por a empresa COVISAM NORTE S.L, con NIF B70416011, por 15.367,00 € (12.700,00 € mais 2.667,00 € en concepto de IVE).

Consta retención de crédito na aplicación orzamentaria 933.62203 por importe de 15.367,00 € segundo o documento RC nº 220260004301.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local do Concello de Coirós, por Decreto 75/2026, de 13 de abril, publicado no BOP nº 75 do 23 de abril do 2026., o órgano competente para a aprobación do expediente de contratación é a Xunta de Goberno Local.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade coa Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

**Primeiro**.- Aprobar o expediente e o proxecto (prego de prescricións técnicas) que rexerá a contratación, mediante contrato menor, cun orzamento base de licitación de 15.557,12 €, que supón un valor estimado do contrato de 12.857,12 €, mais 2.700,00 € en concepto do 21% de IVE.

**Segundo**.- Adxudicar o contrato menor “obras de  instalación eléctrica de baixa tensión no Centro Social de Queirís (Coirós)”,a COVISAM NORTE S.L, con NIF B70416011, por 15.367,00 €, (12.700,00 € mais 2.667,00 € en concepto de IVE).

**Terceiro**.- Autorizar e dispoñer un gasto por importe 15.367,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 933.62203 0 do vixente orzamento de gastos, de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo  2/2004, de 5 de marzo e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

**Cuarto**.- Notificar a adxudicación ao adxudicatario, indicando indicándolle que a aceptación da notificación coa sinatura constituirá o documento contractual.

**Quinto**.- Nomear director facultativo das obras a Iago Pedreira Bestilleiro, enxeñeiro industrial colexiado nº 2813.

**Cuarto**.-  Nomear responsable do contrato a Iria Pérez Miranda, arquitecta municipal.

**Quinto**.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei de Contratos do Sector Público.

Coirós,xoves, 20 de agosto de 2026.

O alcalde

Francisco Quintela Requeijo”

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR  María Cristina Varela García  (FECHA: 25/08/2026 12:36:00) ,  Francisco Quintela Requeijo  (FECHA: 25/08/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: BRZQiS7bKNHrsWplpEQF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

**5º. Subvencións**

**5.1. Dar conta da solicitude de SA463G -subvencións para o desenvolvemento de proxectos de prevención de condutas aditivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia. Expte. 2026/A006/000014**

Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 235/2026, de data 10 de agosto de 2026, que se transcribe literalmente:

"**RESOLUCIÓN**

**ASUNTO**: SA463G -SUBVENCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADITIVAS PROMOVIDOS POR CONCELLOS, MANCOMUNIDADES DE CONCELLOS OU AGRUPACIÓNS DE CONCELLOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

**EXPEDIENTE**: 2026/A006/000014

**ANTECEDENTES**:

PRIMEIRO. O Concello de Coirós ven prestando o servizo de PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADITIVAS xunto con outros concellos da comarca. Consideramos conveniente continuar coa prestación do mesmo e pretendemos concorrer ás axudas para elo.

SEGUNDO. A consellería de Sanidade da Xunta de Galicia aprobou a Orde do 22 de xullo de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento SA463G).

LEXISLACIÓN APLICABLE
A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:
- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 25/08/2026 12:36:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 25/08/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: BRZQiS7bKNHrsWplpEQF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- A Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento;
- Os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Orde do 22 de xullo de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, Nº 144 do 3 de agosto de 2026).

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Este concello en agrupación cos concellos de Betanzos, Abegondo, Bergondo, e Oza-Cesuras, pretende concorrer á concesión de subvencións para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas realizados por entidades locais galegas (código de procedemento SA463G). Preténdese desenvolver, agrupadamente, un proxecto de prevención de condutas aditivas e que reúnan os requisitos sinalados no artigo 4 da orde.

SEGUNDA. A agrupación de concellos deberá ser regulada mediante un convenio de colaboración cuxo obxecto sexa o desenvolvemento conxunto do proxecto e que conteña o seguinte contido mínimo:
a) As achegas económicas e os compromisos de execución asumidos polos concellos agrupados.
b) O compromiso solidario de execución do proxecto e de aplicación solidaria da subvención.
No caso de que algún dos concellos integrantes da agrupación cause baixa nela, os restantes comprométense a desenvolver o proxecto inicialmente proposto na súa área de influencia.
c) O compromiso de non disolver a citada agrupación en tanto non transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 36 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Vista a delegación de competencias efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente a convenios (apartado 5º) mediante Decreto núm. 75/2026 do 13 de abril de 2026, o órgano competente para acordar a adhesión a este convenio é a Xunta de Goberno Local.
Porén, a Xunta de Goberno Local non celebra sesión ordinaria non vindeiros días, motivo polo cal procede avogar a competencia por parte da Alcaldía a fin de realizar cantos trámites sexan necesarios relacionados co mencionado acordo de cooperación.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

Primeiro.- Avogar as competencias en materia de convenios delegadas na Xunta de Goberno Local para ese caso concreto, en virtude do disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 25/08/2026 12:36:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 25/08/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: BRZQiS7bKNHrsWplpEQF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

Segundo.- Acordar a presentación dunha solicitude de subvención ao abeiro da antedita Orde do 22 de xullo de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento SA463G).

Terceiro.- Agruparse cos Concellos de Abegondo, Bergondo, Betanzos e Oza-Cesuras só para solicitar a subvención ao abeiro da Orde indicada. En virtude disto acórdase asinar un convenio para o efecto.

Cuarto.- Aceptar as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen.

Quinto.- Aceptar que a alcaldesa do Concello de Betanzos con CIF núm. P-1500900-D, sexa a representante legal da agrupación constituída con poder suficiente para cumprir todas as obrigas que como beneficiario corresponden á agrupación para a xestión compartida entre os concellos de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Coirós e Oza-Cesuras. Polo tanto, o Concello de Betanzos será o concello peticionario da subvención convocada, designando unha persoa de contacto ou interlocutor para a tramitación do expediente de solicitude.

Sexto.- O Concello de Betanzos, como peticionario será quen reciba o importe da achega económica e o quen deberá presentar a documentación para o pagamento e xustificación da dita axuda.

Sétimo.- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Betanzos aos efectos oportunos.

Oitavo.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde accidental Juan Carlos Garcia Barreiro (delegación por Resolución núm. 217/2026 do 25.07.2026). Pola secretaria-interventora tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018).”

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**5.2. Dar conta da aprobación do convenio Concello de Betanzos "Programa integrado de emprego". Expte. 2026/A006/000015.**

Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 241/2026, de data 13 de agosto de 2026, que se transcribe literalmente:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 25/08/2026 12:36:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 25/08/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: BRZQiS7bKNHrsWplpEQF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

"**RESOLUCIÓN**

**ASUNTO**: CONVENIO CONCELLO DE BETANZOS "PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO"

**EXPEDIENTE**: 2026/A006/000015

**ANTECEDENTES**:

Os concellos de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Carral, Coirós, Culleredo, Miño, Oza-Cesuras, Paderne e Sada, como entidades territoriais limítrofes, están interesadas en desenvolver accións de cooperación e colaboración co fin de acercar servizos que favorezan a mellor inserción no mercado laboral da súa cidadanía.

Polo Concello de Betanzos remitiuse a documentación referida ao Programa Integrado de emprego "CONCELLO DE BETANZOS 2026/27" ao abeiro da ORDE da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 9 de xullo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR332A), publicada no DOG Núm. 138 do 24 de xullo de 2026), a fin de aprobar o convenio de agrupamento para a solicitude da subvención.

O borrador de convenio de colaboración é o que se transcribe de seguido:

***"ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE ABEGONDO, BERGONDO, BETANZOS, CARRAL, COIRÓS, CULLEREDO, MIÑO, OZA-CESURAS, PADERNE E SADA PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO "CONCELLO DE BETANZOS 2026/27"***

*Betanzos, 6 de agosto de 2026*

*Dunha parte, D.ª María Barral Varela, alcaldesa do* ***Concello de Betanzos,*** *actuando en nome e representación desta entidade, segundo o disposto no artigo 34.1.b da Lei 7/1985 do 2 de abril de Bases do Réxime Local en relación co artigo 105.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,*

*Doutra parte, D. José Antonio Santiso Miramontes, alcalde do* ***Concello de Abegondo****, actuando en nome e representación desta entidade, segundo o disposto no artigo 34.1.b) da Lei 7/1985 do 2 de abril de Bases do Réxime Local en relación co artigo 105.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,*

*Doutra parte, Dona Alejandra Pérez Máquez alcaldesa do* ***Concello de Bergondo,*** *actuando en nome e representación desta entidade, segundo o disposto no artigo 34.1.b) da Lei 7/1985 do 2 de abril de Bases do Réxime Local en relación co artigo 105.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,*

*Doutra parte, D. José Luis Fernández Mouriño, alcalde do* ***Concello de Carral****, actuando en nome e representación desta entidade, segundo o disposto no artigo 34.1.b) da Lei 7/1985 do 2 de abril de Bases do Réxime Local en relación co artigo 105.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,*

*Doutra parte, D. Francisco Quintela Requeijo, alcalde do* ***Concello de Coirós****, actuando en nome e representación desta entidade, segundo o disposto no artigo 34.1.b) da Lei 7/1985 do 2 de abril de Bases do Réxime Local en relación co artigo 105.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 25/08/2026 12:36:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 25/08/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: BRZQiS7bKNHrsWplpEQF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

*Doutra parte, D. José Ramón Rioboo Castro, alcalde do* ***Concello de Culleredo****, actuando en nome e representación desta entidade, segundo o disposto no artigo 34.1.b) da Lei 7/1985 do 2 de abril de Bases do Réxime Local en relación co artigo 105.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,*

*Doutra parte, D. Manuel Vázquez Faraldo, alcalde do* ***Concello de Miño****, actuando en nome e representación desta entidade, segundo o disposto no artigo 34.1.b) da Lei 7/1985 do 2 de abril de Bases do Réxime Local en relación co artigo 105.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,*

*Doutra parte, D. José Pablo González Cacheiro, alcalde do* ***Concello de Oza-Cesuras*** *actuando en nome e representación desta entidade, segundo o disposto no artigo 34.1.b) da Lei 7/1985 do 2 de abril de Bases do Réxime Local en relación co artigo 105.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,*

*Doutra parte, D. Sergio Platas Casal, alcalde do* ***Concello de Paderne,*** *actuando en nome e representación da entidade, segundo o disposto no artigo 34.1b) da Lei 7/1985 do 2 de abril de Bases do Réxime Local en relación co artigo 105.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,*

*E doutra parte, D. Óscar Benito Portela Fernández, alcalde do* ***Concello de Sada,*** *actuando en nome e representación da entidade, segundo o disposto no artigo 34.1b) da Lei 7/1985 do 2 de abril de Bases do Réxime Local en relación co artigo 105.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

*Recoñécense todas as partes con capacidade legal abondo e poder bastante para este acto.*

*EXPOÑEN*

*Que os Concellos de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Carral, Coirós, Culleredo, Miño, Oza-Cesuras, Paderne e Sada como entidades territoriais limítrofes, están interesadas en desenvolver accións de cooperación e colaboración co fin de acercar servizos que favorezan a mellor inserción no mercado laboral da súa cidadanía.*

*Que a vontade dos dez Concellos é establecer fórmulas de colaboración mutua que permitan executar conxuntamente o Programa Integrado de emprego "****CONCELLO DE BETANZOS 2026/27****" ao abeiro da ORDE da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 9 de xullo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR332A). (DOG Núm. 138 do 24 de xullo de 2026),*

*Que segundo o artigo 4 da devandita Orde, establecese que os proxectos poden ser promovidos polos concellos, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a concellos ou mancomunidades cuxa titularidade corresponda integramente a este.*

*Que a normativa vixente en materia de normativa local, e concretamente a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia prevén a posibilidade destes convenios interadministrativos de colaboración entre administracións locais, para a mais eficaz prestación e xestión de servizos da súa competencia.*

*Que en virtude de sendas resolucións os Concellos de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Carral, Coirós, Culleredo, Miño, Oza-Cesuras, Paderne e Sada, acordan a sinatura deste convenio.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 25/08/2026 12:36:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 25/08/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: BRZQiS7bKNHrsWplpEQF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

*Que todas as partes son conscientes da necesidade de colaboración técnica co obxecto de axudar ás persoas demandantes de emprego cara á súa incorporación futura ao mercado de traballo, sobre a base do cal se subscribe o presente acordo conforme ás seguintes.*

*CLÁUSULAS*

***PRIMEIRA.- Obxecto***

*Os Concellos de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Carral, Coirós, Culleredo, Miño, Oza-Cesuras, Paderne e Sada por medio deste convenio agrúpanse para solicitar unha subvención para desenvolver o antedito Programa de Emprego ao abeiro da ORDE da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 9 de xullo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR332A). (DOG Núm. 138 do 24 de xullo de 2026),*

***SEGUNDA.- Representante***

*O Concello Betanzos, por medio da súa alcaldesa, será a representante legal ante a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e, polo tanto o Concello peticionario da subvención convocada, que se identificará como solicitante.*

*Será tamén o Concello de Betanzos como entidade peticionaria, quen reciba o importe da achega económica e que deberá presentar a documentación para o pagamento e xustificación de dita axuda. Asemade, asumirá as obrigas que se deriven da realización dos correspondentes contratos temporais vinculados á subvención que se conceda respecto a Facenda, á Seguridade Social e cantas obrigas se deriven da contratación de persoal, das obrigas fronte as empresas prestadoras dos servizos, etc.*

*Os Concellos comprométense a facilitarse mutuamente toda a información necesaria que estea relacionada co obxecto da colaboración.*

***TERCEIRA.- Extinción convenio***

*Será causa de extinción deste convenio:*

a) *A denuncia por calquera das partes, ben por cumprimento do prazo previsto de vixencia ou pola correspondente prórroga.*
b) *O mutuo acordo das partes.*
c) *O incumprimento das cláusulas deste convenio.*

***CUARTA.- Vigor***

*O vixente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e permanecerá vixente ata a finalización das accións do programa de emprego que dan pé a este convenio.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 25/08/2026 12:36:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 25/08/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: BRZQiS7bKNHrsWplpEQF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

***QUINTA.- Réxime xurídico***

*Este convenio ten natureza administrativa e se rexerá pola Lei 39/2015, do 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e polas normas reguladoras da Administración Local.*

*E en proba de conformidade con canto antecede e para que conste e surta os efectos oportunos, asínase o este documento no lugar e data sinalados ao comezo.*

*Polo Concello de Abegondo, o alcalde,*

*D. José Antonio Santiso Miramontes*

*Polo Concello de Bergondo, a alcaldesa,*

*D.ª Alejandra Pérez Máquez*

*Polo Concello de Betanzos, a alcaldesa,*

*D.ª María Barral Varela*

*Polo Concello de Carral,*

*D. José Luis Fernández Mouriño*

*Polo Concello de Coirós, o alcalde,*
*D. Francisco Quintela Requeijo*

*Polo Concello de Culleredo, o alcalde,*
*D. José Ramón Rioboo Castro*

*Polo Concello de Miño, o alcalde,*

*D. Manuel Vázquez Faraldo*

*Polo Concello de Oza-Cesuras, o alcalde,*

*D. José Pablo González Cacheiras*

*Polo Concello de Paderne, o alcalde,*

*D. Sergio Platas Casal*

*Polo Concello de Sada, o alcalde*

*D. Óscar Benito Portela Fernández”*

Vista a delegación de competencias efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente a convenios (apartado 5º) mediante Decreto núm. 75/2026 do 13 de abril de 2026, o órgano competente para acordar a adhesión a este convenio é a Xunta de Goberno Local.

Porén, a Xunta de Goberno Local non celebra sesión ordinaria non vindeiros días, motivo polo cal procede avogar a competencia por parte da Alcaldía a fin de realizar cantos trámites sexan necesarios relacionados co mencionado acordo de cooperación.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

Primeiro.- Avogar as competencias en materia de convenios delegadas na Xunta de Goberno Local para ese caso concreto, en virtude do disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 25/08/2026 12:36:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 25/08/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: BRZQiS7bKNHrsWplpEQF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

Segundo.- Acordar a presentación dunha solicitude de subvención para o Programa Integrado de emprego “CONCELLO DE BETANZOS 2026/27” ao abeiro da ORDE da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 9 de xullo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR332A), publicada no DOG Núm. 138 do 24 de xullo de 2026), e aprobar o borrador de convenio transcrito na parte dispositiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Betanzos aos efectos oportunos.

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde accidental Juan Carlos Garcia Barreiro (delegación por Resolución núm. 217/2026 do 25.07.2026). Pola secretaria-interventora tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018).”

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**6º. Persoal**

**6.1. Bolsa de emprego oficial de oficios varios. Expte. 2026/X999/000056**

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 22 de agosto de 2026, que se transcribe literalmente:

“**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Asunto: Bolsa de emprego oficial de oficios varios. Expte. 2026/X999/000056**

Vista a proposta de bases e convocatoria asinada pola Alcaldía en data 27/08/2026, que se transcriben literalmente:

*“**Bases para a formación dunha bolsa de emprego para a cobertura, mediante funcionario/a interino/a, da praza de oficial de oficios varios do Concello de Coiros. Expte. 2026/X999/000056.***

***Primeira. Obxecto**.*

*É obxecto das presentes bases a realización dun proceso selectivo, mediante concurso-oposición, para a creación dunha bolsa de emprego na categoría de oficial de oficios varios, para o desenvolvemento das seguintes funcións e tarefas específicas como persoal funcionario interino:*

*- Tarefas comúns de condutor tractor e outros vehículos*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 25/08/2026 12:36:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 25/08/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: BRZQiS7bKNHrsWplpEQF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

*- Mantemento e limpeza de vías municipais, especialmente con vehículos adaptados*

*- Reparacións menores en edificios e instalacións municipais*

*- Mantemento de areas de uso público municipal*

*- Calquera outra que se lle encomende e que estea relacionada cos obxectivos xerais e específicos relacionados co posto de traballo*

*A bolsa de emprego, que se formará pola relación dos/as aspirantes que superaran o presente proceso selectivo, destinarase á contratación do persoal que a integre cando se produza algunha das seguintes circunstancias (artigo 10.1 do EBEP):*

***a)*** *A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira.*

***b)*** *A substitución transitoria dos titulares.*

***c)*** *A execución de programas ou proxectos de carácter temporal.*

***d)*** *Exceso ou acumulación de tarefas.*

*A praza está encadrada na Escala de Administración Especial, Subescala: Servizos Especiais, clasificada no Grupo Agrupación Profesional E.*

*As retribucións da praza son as determinadas no anexo do persoal do orzamento do exercicio 2026. Complemento de destino 14. Complemento específico 5.610,48 euros.*

***Segunda. Requisitos dos/as aspirantes.***

*Para tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.*

*a) Ser español, ou nacional dun Estado membro da Unión Europea.*

*b) Estar en posesión do Certificado de escolaridade ou certificado de estudios primarios ou equivalente*

*c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira. A condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade acreditarase pola correspondente certificación. Os aspirantes con minusvalía farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.*

*d) Non ter sido separado, mediante un expediente disciplinario, do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Idéntica situación será esixida aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.*

*e) Permiso de conducir B*

***Terceira. Sistema de selección.***

*Establécese como sistema de selección o concurso-oposición, tendo en consideración as funcións do posto, no que se valora a experiencia en postos semellantes e a formación específica do/as candidato/as.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 25/08/2026 12:36:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 25/08/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: BRZQiS7bKNHrsWplpEQF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

***Cuarta. Presentación de instancias***.

*As instancias, segundo modelo que se acompaña no anexo I, dirixiranse ao Sr. alcalde do Concello e presentaranse no Rexistro Xeral, durante o prazo de cinco (5) días naturais contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio no BOP. Poderán así mesmo remitirse na forma determinada no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.*

*As bases serán publicadas íntegramente na sede electrónica do Concello de Coirós (https://sede.coiros.es/sxc/gl/procedimientosytramites/index.html#empleo_publico) e no taboleiro de anuncios.*

*Xunto coa instancia achegarán a seguinte documentación (copia simple):*

*- Permiso de conducir B*

*- Celga 2*

*- Relación dos méritos que aleguen e xustificación documental dos mesmos para a súa valoración*

***Quinta. Admisión de aspirantes. Data e lugar de realización das probas.***

*Rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará a Resolución pola que declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do prazo de emenda que nos termos da Lei 39/2015, concédese aos aspirantes excluídos, e determina así mesmo lugar de comezo dos exercicios e a composición do Tribunal.*

*A devandita Resolución será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal https://sede.coiros.es/sxc/gl/informacion/*

***Sexta. Tribunal cualificador.***

*Estará compostos polos seguintes membros, todos/as eles/as funcionarios/as públicos/as.*

*Presidente/a (titular e suplente): Un/ha funcionario/a de carreira do Concello de Coirós.*

*1º vogal (titular e suplente): Un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente á administración autonómica ou provincial, de titulación igual ou superior á praza obxecto da convocatoria.*

*2º vogal (titular e suplente): Un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo de administración local, de titulación igual ou superior á praza obxecto da convocatoria.*

*3º vogal (titular e suplente): Un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo de administración local, de titulación igual ou superior á praza obxecto da convocatoria.*

*Secretario/a (con voz e voto): Un/ha funcionario/a con habilitación de carácter nacional.*

*Os membros do tribunal deberán de absterse cando concorran as circunstancias previstas na Lei 40/2015 notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizasen tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.*

*Aos efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estes estarán clasificados segundo se indica no RD 462/2002 de 24 de maio (categoría terceira).*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 25/08/2026 12:36:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 25/08/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: BRZQiS7bKNHrsWplpEQF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

***Sétima. Proceso selectivo.***

*Efectuarase mediante concurso-oposición.*

***A) Fase de concurso (puntuación máxima: 40 puntos)***

*A fase de concurso será previa á fase de oposición e non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar a fase de oposición.*

*As persoas aspirantes achegarán xunto coa instancia a relación de méritos que aleguen, acompañando os documentos que os xustifiquen, en copia simple. Non se tomarán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados dentro do prazo de presentación de instancias.*

*Os méritos a valorar nesta fase e a súa puntuación serán os seguintes:*

*1º. Experiencia profesional (puntuación máxima: 30 puntos)*

*- Por cada mes completo de servizos prestados como persoal funcionario ou laboral en postos de traballo iguais ou similares, en entidades locais: 0,50 puntos.*

*- Por cada mes completo de servizos prestados como persoal funcionario ou laboral en postos de traballo iguais ou similares en administracións distintas da local: 0,25 puntos.*

*A experiencia acreditarase mediante as correspondentes certificacións das Administracións Públicas nas que se prestaron os servizos ou con contratos de traballo acompañados de informe da vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.*

*2º. Formación (puntuación máxima: 10 puntos)*

*a) Permiso de conducir C: 5 puntos*

*b) Cursos de formación ou perfeccionamento relacionados directamente coas funcións do posto de traballo, impartidos por administracións públicas ou organismos dependentes das mesmas, por universidades ou colexios profesionais, por cada un deles:*

- *De 20 a 50 horas de duración: 0,10 puntos*
- *De 51 a 80 horas de duración: 0,20 puntos*
- *De 81 a 100 horas de duración: 0,40 puntos*
- *De 101 ou máis horas de duración: 0,50 puntos*

*A puntuación máxima por cursos de formación será de 5 puntos.*

*A formación acreditarse coa achega dos títulos e/ou diplomas dos cursos, que expresen a súa duración e o seu contido, en copia simple.*

*Antes da confección da listaxe de candidatos/as para nomeamentos interinos, o tribunal requirirá a presentación dos documentos orixinais ou copia compulsada dos mesmos, para a debida acreditación dos méritos valorados.*

***B) Fase de oposición (puntuación máxima: 60 puntos)***

*A fase de oposición constará de dúas probas. Unha vez comezadas as probas selectivas, os sucesivos exercicios anunciaranse nos locais onde se celebren estas e no taboleiro de anuncios do concello. Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 25/08/2026 12:36:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 25/08/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: BRZQiS7bKNHrsWplpEQF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

*Comezada a práctica dos exercicios, os tribunais poderán requirir en calquera momento os concursantes que acrediten a súa identidade.*

*Para determinar a orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente, iniciarase pola letra que determine o sorteo celebrado para o efecto.*

***Oitava. Desenvolvemento das probas***

*1ª proba (de carácter eliminatorio):*

*Consistirá na realización dun suposto práctico, relativos ao bloque de temas do Anexo II, durante un tempo máximo de noventa (90) minutos.*

*A valoración será de 0 a 60 puntos, e precisarase obter un mínimo de 30,00 puntos para superar esta proba.*

*2ª Proba*

*Coñecemento do idioma galego. A proba consistirá nunha tradución en ambos os dous sentidos. Cualificación de apto/non apto. Quedará exceptuado/a desta proba quen acredite estar en posesión do CELGA 2.*

*Ao obxecto desta proba incorporarase o persoal especializado que considerar o tribunal.*

***Novena. Aprobación da bolsa de emprego e chamamentos.***

*Unha vez rematada a cualificación dos/as aspirantes, o tribunal publicará por orde de puntuación a relación de persoas aprobadas, e elevará a devandita relación á Alcaldía para a aprobación da bolsa de emprego.*

*A bolsa de emprego publicarase no BOP e na sede electrónica municipal, e terá unha vixencia de de dous anos dende a publicación no BOP.*

*Os chamamentos realizaranse por funcionario/a municipal, no número de teléfono e/ou correo electrónico facilitado polo aspirante na solicitude de participación, e estenderase dilixencia acreditativa do mesmo para a súa constancia no expediente.*

*A aceptación da persoa chamada debe acreditarse documentalmente, ben respondendo ao correo electrónico, ben achegando un escrito de aceptación, no prazo máximo de cinco días naturais dende o chamamento.*

*Se a persoa requirida renuncia a ocupar o posto, unha vez realizado o chamamento, este pasará ao último lugar da lista das persoas que conforman a bolsa de emprego.*

***Décima. Presentación de documentos.***

*Coa aceptación do chamamento, o/a aspirante proposto/a achegará os documentos seguintes:*

*1. Fotocopia compulsada do seu Documento Nacional de Identidade.*

*2. Copia autenticada ou fotocopia compulsada do título ou, no seu caso, diploma sobre a base do cal se procedeu á admisión, ou ben xustificante de ter cumprido todos os requisitos para a expedición deste. Se estes documentos estivesen expedidos despois da data de terminación do prazo de presentación de instancias, deberá xustificarse a data en que finalizaron os correspondentes estudos.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 25/08/2026 12:36:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 25/08/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: BRZQiS7bKNHrsWplpEQF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14



*3. Copia autenticada ou fotocopia compulsada do permiso de conducir B.*

*4. Certificado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira. No suposto de persoas discapacitadas, observarase tamén o que establece o apartado d) da base segunda da presente convocatoria.*

*5. Declaración xurada de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo do Estado ás Comunidades Autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.*

*6. Fotocopia da cartilla da Seguridade Social (no caso de estar dado de alta).*

***Undécima. Nomeamento e toma de posesión de prazas de funcionario/a.***

*Se dentro do prazo indicado, o/a aspirante proposto/a non presentase a súa documentación ou non reunise os requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a, e quedará anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades que incorrese por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo.*

*O/a aspirante nomeado/a deberá tomar posesión no prazo de inco días naturais a contar dende o seguinte ao que sexa notificada a resolución do nomeamento.*

***Duodécima. Réxime xurídico.***

*O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas no non previsto nestas bases.*

*Así mesmo, rexerán a lexislación básica do estado sobre Función Pública e o R. D. 896/1991, polo que se establecen as regras e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección do funcionariado da Administración local. No non previsto nelas, a regulamentación que para o ingreso na Función Pública establece a Comunidade Autónoma de Galicia e supletoriamente, o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración do Estado.*

***ANEXO I***

*CONVOCATORIA DUN PROCESO SELECTIVO PARA BOLSA DE EMPREGO DE PRAZAS DE OFICIAL DE OFICIOS VARIOS, CON CARÁCTER DE INTERINIDADE.*

*Datos persoais*

| | | | |
|---|---|---|---|
| *Primeiro apelido:* | *Segundo apelido:* | *Nome:* | *DNI* |
| *Data de nacemento:* | *Sexo:* | *Concello:* | *Provincia:* |
| | *□Muller □ Home* | | |
| *Teléfono:* | *Enderezo:* | | |
| *Email:* | | | |
| *Municipio:* | *Provincia:* | *Nacionalidade:* | |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 25/08/2026 12:36:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 25/08/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: BRZQiS7bKNHrsWplpEQF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 25/08/2026 12:36:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 25/08/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: BRZQiS7bKNHrsWplpEQF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

*O/a abaixo asinante, solicita ser admitido/a no proceso selectivo a que se refire a presente instancia, para o que declara:*

□ *Que posúe todos os requisitos que se esixen para o ingreso na función pública e máis concretamente na base segunda da convocatoria, comprometéndose a achegalos no caso de ser seleccionado/a.*

□ *Que está exento de realizar a proba de galego (só no caso de estar en posesión do CELGA 2 ou ter superado o curso de perfeccionamento en lingua galega ou nivel equivalente). Achega acreditación.*

□ *Que manifesta coñecer as bases da convocatoria e acéptaas na súa integridade.*

□ *Que admite as notificacións o través de mensaxe electrónica, o telefono xa indicado ou o n.º:*

*Coirós, ___________________________*

*(Sinatura)*

*SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE COIRÓS*

***ANEXO II***

*Tema 1. Mantemento de edificios e instalacións municipais. Reparacións habituais na conservación de edificios e servizos públicos municipais.*

*Tema 2. Nocións básicas sobre utilización de ferramentas empregadas nos seguintes oficios: albanelería, carpintería, fontanería, saneamento, electricidade, limpeza e coidado de xardíns e espazos públicos. Nocións básicas sobre utilización de "andamios", puntais e entubacións.*

*Tema 3. Mantemento básico e control de desgastes habituais en vehículos e maquinaria. Ferramenta básica de control de presións, niveis e tensións. Mecánica: coñecemento xeral de todos os elementos que compoñen un vehículo.*

*Tema 4. Normativa reguladora da sinalización e saúde no traballo. Estudo da sinalización de seguridade no traballo. A Seguridade no traballo: Os Equipos de Protección Individual (EPIs).*

*Tema 5. A circulación de vehículos e a sinalización no Regulamento Xeral de Circulación. Rede viaria do municipio de Coirós.*

*Bases propostas pola Alcaldía.*

*Coirós, a 22 de agosto de 2026.*

*O alcalde*

*Asdo.: Francisco Quintela Requeijo"*

Visto o informe favorable emitido pola Secretaria municipal en data 22/08/2026.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 de data 13 de abril de 2026 (BOP n.º 75 do 23.03.2026), pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO: Aprobar as bases propostas pola Alcaldía en data 22/08/2026 para a creación dunha bolsa de emprego para realizar nomeamentos interinos na praza de oficial de oficios varios, e a convocatoria do proceso selectivo.

SEGUNDO: Publicar un anuncio no BOP e as bases íntegras no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica municipal.

Coirós, a 22 de agosto de 2026.

O alcalde

Asinado: Francisco Quintela Requeijo”

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**6.2. Dar conta da convocatoria selección persoal: PEL CONCELLOS 2026. Expte.: 2026/E001/000002**

Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 248/2026, de data 19 de agosto de 2026, que se transcribe literalmente:

“**RESOLUCIÓN**

**ASUNTO**: Convocatoria selección personal: PEL CONCELLOS 2026

**EXPEDIENTE**: 2026/E001/000002

**ANTECEDENTES**:

Vista a subvención concedida pola Deputación da Coruña correspondente ao programa PELCONCELLOS 2026, por importe de 28.000,00 euros, correspondentes ao programa de integración laboral para a contratación de 5 traballadores/as a xornada parcial (75%) para servizos básicos e esenciais municipais dos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985. A concesión foi publicada no BOP nº 38 do 26.02.2026.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28.04.2026 aprobáronse as bases e convocatoria de selección de persoal, que foron modificadas por acordo de data 12.06.2026 e abriuse novamente a convocatoria, mediante a publicación dun anuncio no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 25/08/2026 12:36:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 25/08/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: BRZQiS7bKNHrsWplpEQF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

Por Decreto da Alcaldía núm. 179/2026 do 30/06/2026 dispúxose a contratación dun albanel peón e dous peóns de limpeza, pero quedaron vacantes dous postos de peón/a de limpeza, que procede intentar cubrir cunha nova convocatoria.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

Primeiro.- Apertural novamente a convocatoria para a cobertura de dous postos de peón/a de limpeza e publicar un anuncio no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal, outorgando un prazo de presentación de solicitudes de cinco (5) días naturais.

Segundo.- Nomear á comisión seleccionadora, que estará integrada polos seguintes membros:

Presidenta:

Paula Boado Presas, técnica da OMIX do Concello de Coirós (titular)

Pilar Alarza Bermúdez, axente de igualdade do Concello de Coirós (suplente)

Secretario/a:

Pablo Vara Fiaño, auxiliar administrativo do Concello de Coirós (titular)

María Montserrat Rial Castro, auxiliar administrativo do Concello de Coirós (suplente)

Vogais:

Paula María Medal Martínez, educadora familiar do Concello de Coirós (titular)

María José García Faraldo, auxiliar administrativo do Concello de Coirós (suplente)

María José Dobén González, auxiliar administrativo do Concello de Coirós (titular)

María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Coirós (suplente)

Raquel Montero González, directora do CIM do Concello de Coirós (titular)

María Dolores Vázquez Ríos, auxiliar administrativo do Concello de Coirós (suplente)

Asesor para a proba práctica: José Luís Buyo Vieites, persoal laboral temporal do Concello de

Coirós

Terceiro.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde Francisco Quintela Requeijo. Pola secretaria-interventora tómase razón para a súa

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 25/08/2026 12:36:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 25/08/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: BRZQiS7bKNHrsWplpEQF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018).”

A Xunta de Goberno Local queda informada.

Non habendo máis asuntos que tratar e sendo as catorce horas e vinte e seis minutos (14:26) o Sr. alcalde-presidente levanta a sesión, da que se estende a presente acta da que eu, como secretaria, dou fe.

Asinado pola secretaria-interventora, María Cristina Varela García, e polo alcalde, Francisco Quintela Requeijo, no Concello de Coirós, na data expresada á marxe da presente acta.

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 25/08/2026 12:36:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 25/08/2026 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: BRZQiS7bKNHrsWplpEQF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/